
MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLO FOMENTO DA VIVENDA PÚBLICA E PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE DE VIVENDA SOCIAL A TRAVÉS DA CESIÓN DE VIVENDAS DA SAREB

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A vivenda é hoxe, si non o máis importante, un dos máis importantes factores de exclusión social. Ano tras ano hai en Galiza centos de desafuzamentos que son centos de dramas persoais que afectan máis aos colectivos máis vulnerables. É tamén un dos factores, xunto coa precariedade laboral que explican as dificultades da xente moza para emanciparse e iniciar proxectos vitais autónomos.

Si no 2008 o pinchado da burbulla inmobiliaria foi debido ao mercado bancario das hipotecas, a crise da vivenda actual é debida á burbulla dos alugueiros que levan subindo continuamente nos últimos anos, concretamente un 25% nos últimos 5 anos nas principais cidades galegas.

Esta burbulla non é máis que o resultado de medidas concretas que os gobernos tomaron para facer atractivo o investimento no mercado inmobiliario xunto coa ausencia de políticas públicas de vivenda. Esta espectacular suba dos prezos da vivenda é unha transferencia directa de rendas da clase traballadora a unha clase rentista liderada por bancos e fondos voitre e supón unha enorme perda de poder adquisitivo da xente do común.

Ante a imposibilidade de acceder a unha hipoteca e mesmo a un alugueiro no mercado libre moitas persoas están a demandar vivenda pública con prezos sociais, algo que podería servir, ademais de darlle solución a moita xente, para regular os prezos do mercado libre. A pesar de ser coñecedora desta realidade, as administracións desoan as peticións das máis de 11.000 solicitudes que están a demandar no Rexistro Oficial unha vivenda pública.

Dende a chegada do PP ao goberno galego a Vivenda de Protección Oficial de Promoción Pública frearon en seco. Así, pasouse de iniciar 2.965 vivendas en 2010 a unha media anual de 67 vivendas de protección nos últimos 6 anos, unha cantidade a todas luces insuficiente para dar solución ás demandas da cidadanía dun dereito tan básico.

A vivenda pública propiedade da Xunta de Galicia está estancada dende hai moitos anos e non se percibe unha vontade real, a pesar da gravidade da situación, do goberno galego de mudar a tendencia. Un bo exemplo podería ser o caso do Concello de Santiago no que despois de máis de oito anos a Xunta está a facer unha primeira e única promoción de vivenda pública, no barrio do Castiñeiríño, a pesar das solicitudes e da posta a disposición de parcelas realizadas polo anterior goberno local.

A toda esta dinámica, ademais, hai que engadir que despois de rescatar os activos tóxicos inmobiliarios dos bancos, asumindo unha débeda que pasa a ser pública de 35.000 millóns de euros, a través da SAREB estas vivendas non se utilicen para crear ese parque de vivenda pública imprescindible para dar solución a miles de persoas, sobre todo mozas, e para regular os prezos dun mercado desbocado.

O actual Goberno español fíxose eco desta problemática e en xaneiro de 2022 aprobou o Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 mediante o cal pretende ampliar o parque público de vivendas de aluguer social, promovendo por unha banda a cesión das vivendas da Sareb ás Comunidades Autónomas ou concellos ou entes públicos deles dependentes e, por outra banda, promover a cesión de vivendas baleiras tamén ás comunidades autónomas ou concellos ou entes públicos dependentes delas. O Estado pagará ás comunidades entre 150 e 175 euros mensuais por cada piso da SAREB en concepto de aluguer social. Os prezos destes alugueres limitaranse de 150 a un máximo de 350 euros mensuais e serán inmobles destinados, sobre todo, a persoas en situación de vulnerabilidade.

O financiamento deste programa require a sinatura dun acordo previo no seo das comisións de seguimento entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, as comunidades autónomas e o concello correspondente. Só poderán ser asinados polo Ministerio e as comunidades autónomas sempre que as comunidades autónomas asuman a responsabilidade da conformidade do concello correspondente, salvo que o concello participe no financiamento da actuación, caso en que tamén se asinará o convenio por este último.

Neste contexto de suba intolerable da inflación o incremento dos prezos da vivenda é unha ameaza que empuxa a moita xente á pobreza e exclusión social. Urxe tomar medidas que aposten polos dereitos das persoas e se abandonen as que apoian a vivenda como negocio especulativo.


Por todo o anterior o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte **ACORDO**:

- 1. O Concello de Santiago comprométese a elaborar e aplicar un plan municipal de vivenda pública que estimule o incremento/creación dun parque público de vivenda cos obxectivos de dar solución ás persoas que non teñan garantida unha vivenda digna no mercado libre e tamén como elemento regulador dos prezos no municipio.**
- 2. Demandar á FEGAMP, e á Xunta de Galicia a que en coordinación co Concello de Santiago se sumen a este plan e apoien a aposta pola vivenda pública de tal**

xeito que se satisfaga cando menos a demanda que consta no Rexistro Oficial de Demandantes e coa conseguinte territorialización.

3. Instar á Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a asinar un convenio co Concello de Santiago nos termos descritos nos programas 9 e 10. do Plan estatal de vivenda 2022-2025 destinado á ampliación do parque de aluguer social, incorporando as 12 vivendas actualmente titularidade da SAREB
4. O Concello de Santiago estudará, e no seu caso activará, as novas posibilidades legislativas para aplicar políticas fiscais que graven a vivenda baleira de grandes posuidores.
5. A revisar, e no caso de ser necesario actualizar, o protocolo de actuación para a prevención de desafiuzamentos e a atención das persoas afectadas nos concellos da Comarca de Compostela, impulsado e asinado en Febreiro de 2017 polos Concellos de Santiago, de Ames e de Teo, así como polos colexios profesionais de Avogacía, Psicoloxía e Traballo Social.

En Santiago de Compostela, a 20 de Maio de 2022



Jorge Duarte Vázquez



GRUPO MUNICIPAL

Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO